

Texto e ilustracións: **ELZBIETA**
Tradución: **SANDRA HOMBREIRO**

Encadernado en cartón. 15x21 cm.
32 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "Pequena Lúa"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-757-7
-Castelán: "Pequeña Luna"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-37-9
Prezo: 12 €

PEQUENA LÚA

...E coa noitiña, chega a Lúa. E todas as noites,
Bubú sinálaa e di:


–Alí!

Todas as noites fai iso.

–Vamos, apura, meu Bubú! –di Oso.

Pero Bubú non apura. Sinala a Lúa e di:

–Alí!




"Pequena Lúa" reflicte como é o carácter dos nenos nos seus primeiros anos, cando as palabras empezan a agromar na súa boca, cando desenvolven os sentidos e a percepción do mundo que os rodea, cando queren chamar a atención dos demais ante aquilo que a eles mesmos lles chama a atención, cando comezan a amosar unha enerxía rebordante e son incansables.

Antes de que poida asimilar que o día se divide en mañá, tarde e noite, e que hai un tempo para xogar, pero tamén un tempo para descansar, Bubú fíxase na lúa. Actúa por repetición, tanto cos seus xestos como coas súas palabras; é a súa maneira incipiente de comunicarse e expresarse, independentemente de que os demais poidan seguir ou non o seu ritmo. As ovellas, o parrulo, o elefante, o canguro ou o moucho completan esta fábula tenra e fermosa.

Ao igual que no álbum desta mesma autora titulado "Onde van os bebés?", editado tamén por KALANDRAKA, as ilustracións reforzan o carácter entrañable da historia, con debuxos de tons suaves a base de lapis de cor e acuarela, sobre un papel de textura vexetal, moi adecuado para crear un ambiente doce e envolvente.

ELZBIETA (Polonia, 1943)

Estudou na Academia de Belas Artes de Varsovia e ao longo da súa prestixiosa traxectoria artística recibiu os principais galardóns europeos como ilustradora, como a Medalla de Ouro da Bienal de Ilustración de Bratislava e o Premio de Arte Visual para Nenos de Poznań. A obra de Elzbieta Gaudasinska expúxose na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, na Feira do Libro de Leipziger ou na Feira de Editores de Polonia.



- **Temática:** os primeiros anos da nenez
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** da autora e ilustradora de "Onde van os bebés?" (KALANDRAKA)
- **Aplicacións:** infancia, crecemento, desenvolvemento da fala e dos sentidos, comunicación; animais; actividades cotiás